



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO “PECHES LATERAIS, PORCHE E DOTACIÓN DE ASEOS EN PISTA DEPORTIVA CUBERTA NO CEIP JULIO GURRIARÁN”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que esta Consellería formalizou co Concello de O Barco de Valdeorras o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018. Esta vixencia poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes no caso de que non se rematasen as obras previstas nel.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Articular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de O Barco de Valdeorras para levar a cabo as obras do proxecto “Peches laterais, porche e dotación de aseos en pista deportiva cuberta no CEIP Julio Gurriarán”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A lexislación de réxime local establece como unha das competencias propias dos concellos a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

O Secretario Xeral Técnico

Jesús Oitavén Barcala (*asinado dixitalmente á marxe*)

